

## RESULTADO INICIAL SOLICITUDES RECIBIDAS

### CAMPAMENTO VERANO 22

#### INFORMACIÓN IMPORTANTE DA 1ª e 2ª QUENDA (as quendas do mes de xullo 2023)

**COMUNICAMOS QUE** no periodo de inscrición establecido para a presentación das solicitudes entre o 24 de abril e o 5 de maio de 2023 para participar no “Campamento urbano de verán 2023” **recibíronse máis solicitudes que prazas** para a 1ª quenda (do 3 ao 14 de xullo de 2023) e 2ª quenda (17 ao 31 de xullo de 2023 (10 días) agás o 25 que é festivo).

Por iso, é necesario facer unha valoración das solicitudes recibidas de todas as persoas **empadroadas ou non no Concello de Cambre** que presentaron a súa solicitude para a 1ª e 2ª quenda dentro do citado prazo. Polo que estas persoas deberán presentar **vía telemática a través da sede electrónica do Concello de Cambre ou en calquera dos rexistros de entrada municipais ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a seguinte documentación:**

- Para xustificar a **situación laboral** deberán presentar:

- o Informe da empresa no que conste que a quen lle corresponda que **ten que traballar os días nos que solicita o campamento para o/a seu/súa fillo/a**, ou calquera outro documento que o acredite dos proxenitores que si traballen neses días.
- o No caso de que un ou os dous proxenitores sexa **autónomo** deberá presentar **o último recibo de pago ou outro documento que acredite a súa situación laboral activa** e declaración xurada que indique que **ten que traballar os días nos que solicita o campamento** para o/a seu/súa fillo/a.

- Para acreditar a **situación familiar** deberán presentar:

- o Se é muller vítima de violencia de xénero (en todas as súas manifestacións): A documentación establecida no artigo 23 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- o Se é familia monoparental ou monomarental: Certificado expedido pola administración competente ao efecto, sentenza de separación ou divorcio, certificado de viuvez, ou calquera outra documentación que o acredite segundo a circunstancia que dea lugar a esta situación e o libro de familia completo da unidade familiar.
- o Se a familia ten persoas dependentes ao seu cargo: Persoas que teñan acreditación de grado de dependencia por el órgano competente, e/ou recoñecemento do grao de discapacidade.

- Autorización asinada polo/a solicitante e todos e cada un dos membros da unidade familiar maiores de idade para que o concello de Cambre solicite o nivel de renda á Axencia Tributaria do ano 2021 e no caso de non autorizar a dita comprobación de datos poderá presentar a copia da última declaración da Renda de todos e cada un dos membros da unidade familiar maiores de idade.

- Libro de familia completo (ata a primeira folla en branco incluída), para saber cantos membros forman a unidade familiar.

- No caso de separación ou divorcio, sentenza de separación, convenio regulador onde indique a pensión de manutención (de ser o caso), certificado de viuvez ou calquera outra documentación que o acredite segundo a circunstancia que dea lugar a esta situación e o libro de familia completo da unidade familiar.

O Concello de Cambre, poderá solicitar canta información necesite para calcular a renda per cápita anual da unidade familiar se así o estima oportuno para o que a familia deberá presentar a documentación requirida no prazo que se estableza.

Por iso, as solicitudes das persoas **empadroadas ou non no Concello de Cambre** que presentaron a solicitude para a 1ª e 2ª quenda dentro do citado prazo deberán presentar **vía telemática a través da sede electrónica do Concello de Cambre ou en calquera dos rexistros de entrada municipais ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a documentación indicada anteriormente, no caso de non a presentaran xa coa solicitude de inscrición.**

---

**Ainda así, pódense presentar baixas en calquera momento e ata o 16 de xuño de 2023.**

A presentación de calquera documentación terá que ser vía telemática a través da sede electrónica do Concello de Cambre ou en calquera dos rexistros de entrada municipais ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **INFORMACIÓN IMPORTANTE DA 3ª e 4ª QUENDA (as quendas do mes de agosto 2023)**

**As solicitudes das persoas empadroadas no Concello de Cambre** que presentaron a solicitude, para a 3ª quenda: do 1 ao 14 de agosto de 2023 e para a 4ª quenda: do 17 ao 31 de agosto de 2023, no periodo de inscrición establecido para a presentación das solicitudes entre o 24 de abril e o 5 de maio de 2023 para participar no “Campamento urbano de verán 2023”, **están admitidas. Quedan pendentes de confirmación desta admisión de solicitude** as persoas empadroadas no Concello de Cambre que presentaron a solicitude para as catro quendas e que aínda non presentaron, nin por rexistro de entrada nin pola sede electrónica, a documentación que xa se lles comunicou .

PARA MÁIS INFORMACIÓN CHAMAR AO CONCELLO DE CAMBRE (EDUCACIÓN) NO Nº DE TELÉFONO 981 613 291, O ENVIAR UN CORREO ELECTRÓNICO A: [educacion@cambre.org](mailto:educacion@cambre.org)

Cambre, 15 de maio de 2023

O concelleiro de Educación, Medioambiente, Mobilidade e Sanidade  
Miguel Ángel Gutiérrez Nieto